

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POR LOTES DO “SUBMINISTRO DE OITO VEHICULOS NA MODALIDADE DE RENTING PARA A FLOTA DO PARQUE MOVIL DO CONCELLO DE AMES” MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1.- OBXECTO

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 86 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Contrato do Sector Público (TRLCSF), o obxecto deste prego é regular a contratación do arrendamento, na modalidade de renting de oito (8) vehículos destinados a flota do parque mobil do Concello de Ames, nas condicións que seguidamente se indican.

2.- CONDICIÓN S TÉCNICAS MÍNIMAS

Entendese que as características son as mínimas esixidas

LOTE Nº 1.- 3 FURGONETAS COMBI PEQUENAS LIXEIRAS, DE COMBUSTIBLE DIESEL, 5 PRAZAS

MESES	KILOMETROS (estimados)
48 meses	10.000 anuais

Características técnicas:

- Furgoneta 5 plazas
- Nº de prazas: 5
- Cilindrada >1400 centímetros cúbicos.
- Combustible: Diesel
- Alimentación de combustible: Inyección directa
- Motor con turbo
- Caixa de cambios: Manual de 5 velocidades mínimo.
- Tracción: Dianteira
- Dirección: Asistida
- Frenos: de disco ventilados, traseiros discos o tambor e sistema antibloqueo e asistencia a freada de emergencia ABS.
- Roda de reposto
- Airbags delanteros mínimo
- Cinturóns de seguridade en todas as prazas.
- Reposacabezas en todas as prazas.
- Luces antiniebla dianteiras e traseiras
- 5 portas. 2 dianteiras, 2 prazas traseiras ou no seu defecto unha de corredeira e 1 traseira completa ou abatible en dúas metades.
- Potencia mínima: 100 CV DIN
- Gancho de remolque e baca
- Pintura: Blanca

Interior, Confort e Accesorios:

- Aire acondicionado ou climatizador
- Elevalunas electricos
- Alarma olvido de luces encendidas.
- Toma de 12 voltios

- Asientos dianteiros reclinables
- Cerre centralizado con mando a distancia
- Equipo de radio con CD
- Control de velocidade de cruceiro
- Mans libres Bluetooth integrado de serie no equipo de radio ou na electrónica do vehículo.
- Xogo de triangulos sinalización homologados.
- Xogo de Lámparas de reposto, se é o caso.
- Xogo de 2 chalecos reflectantes homologados.
- Alfombrillas de goma.
- Ferramentas: as indispensables para cambiar rodas e lámparas.
- Rotulación: Con tipoloxía do Concello de Ames

LOTE Nº 2.- 1 FURGONETA GRANDE, 3 PRAZAS DE COMBUSTIBLE DIESEL

MESES	KILOMETROS (estimados)
48 meses	10.000 anuales

Características técnicas:

- Furgón de transporte lixeiro que non exceda o peso máximo autorizado de 3500kg.
- Nº de prazas: 3
- Espazo de carga >10 metros cúbicos.
- Carga útil >700 Kg.
- Cilindrada >2000 centímetros cúbicos.
- Motor con turbo
- Combustible: Diesel
- Alimentación de combustible: Inyección directa
- Caixa de cambios: Manual de 5 velocidades mínimo.
- Tracción: Delantera
- Dirección: Asistida
- Frenos: delanteros de disco ventilados, traseros discos o tambor e sistema antibloqueo e asistencia a freada de emergencia ABS.
- Roda de repuesto
- Airbags dianteiros mínimo
- Cinturons de seguridade en todas as prazas.
- Reposacabezas en todas as prazas.
- Luces antiniebla dianteiras e traseiras
- Porta ou portas laterais de corredera opacas sen cristais. Mínimo 1 porta lateral
- Porta traseira de dúas follas abatibles opacas sen cristais.
- Potencia mínima: 115 CV DIN
- Pintura: Blanca

Interior, Confort e Accesorios:

- Aire acondicionado ou climatizador
- Elevelunas electricos
- Alarma olvido de luces encendidas.
- Toma de 12 voltios
- Asentos reclinables
- Cerre centralizado con mando a distancia
- Equipo de radio con CD

- Control de velocidade de cruceiro
- Mans libres Bluetooth integrado de serie no equipo de radio ou na electrónica do vehículo.
- Xogo de triangulos sinalización homologados.
- Xogo de Lámparas de repostro, se é o caso.
- Xogo de 2 chalecos reflectantes homologados.
- Alfombrillas de goma.
- Extintor e soporte homologados.
- Ferramentas: as indispensables para cambiar rodas e lámparas.
- Rotulación: Con tipoloxía do Concello de Ames

**LOTE Nº 3.- 3 TODOTERRENO PICK-UP DE COMBUSTIBLE DIESEL DE CATRO PORTAS,
5 PRAZAS**

MESES	KILOMETROS (estimados)
48 meses	10.000 anuais

Características técnicas:

- Todoterreo Pick-Up 4x4 de 5 prazas, zona de carga cuberta, baca e gancho de remolque.
- Nº de prazas: 5
- Cilindrada >2300 centímetros cúbicos.
- Motor con turbo
- Combustible: Diesel
- Alimentación de combustible: Inyección directa
- Caixa de cambios: Manual 5 velocidades mínimo.
- Tracción: Tracción total seleccionable 4x4, 4x2. Rodas Mixtas
- Dirección: Asistida
- Frenos: dianteiros de disco ventilados, traseiros discos o tambor e sistema antibloqueo e asistencia a freada de emergencia ABS.
- Roda de repuesto
- Airbags dianteiros mínimo
- 5 portas, 4 de acceso as prazas e outra de acceso a carga traseira.
- Cinturones de seguridad en todas as prazas.
- Repousacabezas en todas as prazas.
- Luces antiniebla dianteiras e traseiras
- Gancho de remolque, Baca portaequipaxes tipo parrilla no teito e Caixa traseira cuberta con persiana.
- Potencia >130 CV DIN
- Pintura: Blanca

Interior, Confort e Accesorios:

- Aire acondicionado ou climatizador
- Elevelunas eléctricos
- Alarma olvido de luces encendidas.
- Toma de 12 voltios
- Asentos dianteiros reclinables
- Cerre centralizado con mando a distancia
- Equipo de radio con CD

- Control de velocidade de cruceiro
- Mans libres Bluetooth integrado de serie no equipo de radio ou na electrónica do vehículo.
- Xogo de triangulos sinalización homologados.
- Xogo de Lámparas de repostro, se é o caso.
- Xogo de 2 chalecos reflectantes homologados.
- Alfombrillas de goma.
- Ferramentas: as indispensables para cambiar rodas e lámparas.
- Rotulación: Con tipoloxía do Concello de Ames

LOTE Nº 4.- 1 TURISMO MEDIANO DE COMBUSTIBLE DIESEL DE CINCO PORTAS, 5 PRAZAS

MESES	KILOMETROS (estimados)
48 meses	10.000 anuais

Características técnicas:

- Turismo 5 plazas
- Nº de prazas: 5
- Cilindrada >1300 centímetros cúbicos.
- Combustible: Diesel
- Alimentación de combustible: Inyección directa
- Motor con turbo
- Caixa de cambios: Manual de 5 velocidades mínimo.
- Tracción: Delantera
- Dirección: Asistida
- Frenos: delanteros de disco ventilados, traseros discos o tambor e sistema antibloqueo e asistencia a frenada de emergencia ABS.
- Roda de repuesto
- Airbags delanteros mínimo
- Cinturóns de seguridade en todas as prazas.
- Reposacabezas en todas as prazas.
- Luces antiniebla dianteiras e traseiras
- 5 portas
- Potencia mínima: 90 CV DIN
- Pintura: Blanca

Interior, Confort e Accesorios:

- Aire acondicionado ou climatizador
- Elevalunas electricos
- Alarma olvido de luces encendidas.
- Toma de 12 voltios
- Asentos reclinables dianteiros
- Cerre centralizado con mando a distancia
- Equipo de radio con CD
- Control de velocidade de cruceiro
- Mans libres Bluetooth integrado de serie no equipo de radio ou na electrónica do vehículo.
- Xogo de triangulos sinalización homologados.
- Xogo de Lámparas de repostro, se é o caso.
- Xogo de 2 chalecos reflectantes homologados.
- Alfombrillas.
- Ferramentas: as indispensables para cambiar rodas e lámparas.

- Rotulación: Con tipoloxía do Concello de Ames

3.- CONDICIÓN DO ARRENDAMENTO

O arrendamento comprenderá os seguintes conceptos:

a) O uso dos automóbiles matriculados a nome do arrendador, estando en todo momento, en perfecto estado, tanto funcional ou técnico como administrativo, de modo que permita a súa normal e legal circulación, polo persoal adscrito ou autorizado para elo.

b) O mantemento integral dos automóbiles obxecto do arrendamento, a desenvolver en talleres oficiais da marca ofertada polo adxudicatario.

- Incluirá todas as revisións periódicas que estableza a marca no libro de mantemento do automóbil, tanto en repostos e líquidos como man de obra, con independencia de que se encontre ou non en período de garantía.

- As reparacións de todas as avarias que se produzan polo desgaste debido ao uso normal dos vehículos

- A substitución de pneumáticos, alomenos cada 25.000 km

- Quedan excluídos do mantemento integral o lavado e limpeza dos vehículos e o subministro de combustible para o seu funcionamento.

As actuacións para o mantemento requirirán a recollida do vehículo a cargo da empresa nas instalacións do Concello de Ames e a súa posterior entrega no mesmo lugar.

Aquelas revisións que requirán máis de 24 horas, suporán a entrega dun vehículo substitutivo, a ser posible do mesmo modelo.

c) O seguro a todo risco dos vehículos, con alomenos as seguintes coberturas:

- Responsabilidade civil obrigatoria
- Responsabilidade civil voluntaria ilimitada
- Danos propios sufridos polo automóbil e todos os seus accesorios incluídos no contrato.
- Danos por colisión
- Ocupantes, defensa penal, fianzas e reclamación de danos
- Roubo do vehículo e os seus accesorios
- Rotura de lunas
- Incendio

O licitador deberá indicar a compañía coa que se contratará o seguro.

d) A inspección técnica dos vehículos obrigatoria en función da normativa vixente en cada momento.

e) Asistencia en carretera 24 horas (365 días ao ano) con cobertura nacional dende o km 0, incluída man de obra e pezas de reparación en carretera, o traslado do conductor e dos ocupantes.

f) Vehículo de substitución das mesmas características que o vehículo arrendado, a partir de dous días seguintes naturais a aquel en que se produza a inoperatividade do vehículo arrendado por calquera causa, con especial consideración das operacións de mantemento, tanto periódicas como correctivas. O vehículo de substitución entregarase nas instalacións do concesionario oficial onde se realiza a correspondente reparación.

g) En canto as sancións que se puidesen impoñer, estarase ao seguinte:

- As sancións que se deriven do estado do vehículo, da súa documentación

administrativa, e da falta de revisións que impón a lexislación vixente serán por conta do arrendador ou adxudicatario.

- As sancións restantes que se deriven da condución do vehículo serán por conta do usuario que nese momento estivese utilizando o vehículo.

4.- OBRIGACIÓNS DO ARRENDATARIO

a) Solicitar, cando corresponda segundo o libro de mantemento do vehículo e con antelación suficiente, as revisións do mesmo.

b) Comunicar calquera avería incipiente con independencia de que afecte á seguridade do mesmo.

c) Desprazar o vehículo ao concesionario oficial designado polo arrendador para as revisións ou reparacións, sempre que o vehículo o permita

d) Facilitar a realización das revisións ou reparacións por conta do adxudicatario aos fins que estime oportunos.

e) Comunicar anualmente ao arrendador os kilometros realizados. Caso de avaría do contakilometros, calcularase o percorrido diario igual á media dos últimos trinta días.

f) Personarse, cando sexan requididos en calquera procedemento, consecuencia de accidente, ben en calidade de denunciante, demandante, denunciado, demandado, ou testemuña, segundo proceda.

5.- COLOR E ROTULACIÓN

Todos os vehículos serán de color branco, e deberán entregarse rotulados co logotipo do Concello de Ames.

6.- ACCESORIOS

Os vehículos deberán subministrarse con todos os accesorios que se indican na cláusula segunda deste prego, ademais daqueles que, como mellora, incorpore o adxudicatario a súa oferta. Os accesorios entenderanse como parte integrante do vehículo a todos os efectos derivados do contrato de arrendamento

7.- FACTURACIÓN

As cotas mensuais do arrendamento devengarase a partir da data de recepción dos vehículos, e abonaranse ao adxudicatario no prazo establecido na Lei, contra factura emitida por este.

8.- MELLORAS E PROPOSICIÓNS SIMULTANEAS

Os interesados poden presentar as súas ofertas, sempre cas limitacións establecidas nos pregos, podendo incluír calquera mellora que se considere que poida interesar ao Concello de Ames.

Asemade, os interesados poderán presentar ata dúas opcións diferentes de vehículos e prezos por cada un dos lotes. Estas ofertas sempre deberán cumprir coas características mínimas incluídas no presente prego.